



terraetempo  
dixital galego de pensamento nacionalista

CPN

Cadernos de  
Pensamento  
Nacionalista

13

Xosé Ramón Ermida - Tradución Moisés Ribadulla

# Desmantelar o €uro

## Entrevista a Samir Amín



Fundación  
**Bautista Álvarez**  
de Estudos Nacionalistas



[www.terraetempo.com](http://www.terraetempo.com)







# Samir Amín: Desmantelar o Euro. Crise económica e conflitos internacionais

Entrevista: Xosé Ramón Ermida - Tradución: Moisés Ribadulla



**Sobre as revoltas nos países árabes. Que está a acontecer nestas nacións, e de maneira moi particular cales son os elementos de tipo endógeno e esógeno que están a promover estes movementos, desde Tunisia até os países do Golfo, así como o que cre vostede que pode ser o escenario final destes procesos.**

Ben, estame facendo vostede unha pregunta moi ampla, e eu non teño unha bóla de cristal para lle dicir cal vai ser o futuro do mundo árabe, mais é evidente que se está a crear unha situación nova. É dicir, movementos populares moi potentes, que mobilizan millóns de participantes, e que están chamados a transformar as relacións de forzas políticas e sociais no interior dos países árabes

afectados, e tamén as relacións internacionais entre os países árabes, o mundo árabe, e o sistema do capitalismo globalizado, e sobre todo a Tríade imperialista, e máis especificamente os Estados Unidos e a Unión Europea. É moi perigoso falar do mundo árabe dun xeito xeral, porque as condicións e os movementos son moi distintos dun país a outro. O que acontece en Libia, por exemplo, non ten nada, pero nada, que ver, vouno contar agora mesmo, co que acontece en Exipto, ou co que sucedeu en Tunisia, e en cada país os problemas son diferentes e a conxuntura, os compoñentes sociais, políticos, ideolóxicos dos movementos, son diferentes, e do mesmo xeito a estratexia dos que mandan, e a estratexia do imperialismo dominante, é dicir, principalmente os Estados Unidos, segui-



dos de Europa, evidentemente, son diferentes dun país a outro. Hai que ter moito coidado con isto, porque se dicimos mundo árabe así, corremos o risco quer de non dicir máis ca banalidades —como que hai revolutas, algo que está á vista—, quer de deducir... de facer análises erróneas, porque non son as mesmas en todos os países. Dito isto, Mao, Mao Tse-Tung non se trabucou cando dixo, hai corenta anos, cincuenta anos, se cadra máis, que o conxunto dos pobos de Asia, África e Latinoamérica, é dicir, o que eu chamo esta minoría que é o 85% da humanidade —cando sumamos os pobos de Asia, África e Latinoamérica, dános o 85% da humanidade—, as periferias do sistema capitalista globalizado, son a zona de tempestade. A zona de tempestade. Por que? Porque o capitalismo —o realmente existente, non o capitalismo imaxinario dos economistas do Banco Mundial, senón o capitalismo realmente existente—, que é indisoluble do imperialismo, non pode achegar respostas aceptábeis para os pobos destes tres continentes. Xa que logo, estes tres continentes fan que o sistema capitalista globalizado sexa un sistema inestábel. O discurso da estabilidade que achega o capitalismo é un discurso, unha retórica, que non ten nada que ver coa realidade. Mais unha tempestade non é unha revolución. Unha tempestade é unha tempestade. É unha revolta, é un movemento que potencialmente pode permitir... non direi a revolución, senón avances revolucionarios, políticos e sociais, ou pode fracasar. Na historia,

temos os dous. E a proba é que estes movementos que se están a desenvolver no mundo árabe xa os vimos hai uns anos en Latinoamérica, desde hai dez ou quince anos, e pódese dicir que en Latinoamérica estes movementos teñen producido avances revolucionarios, non falo de revolucións, avances revolucionarios, desiguais, e cada país tamén ten as súas propias condicións. Brasil non é o mesmo que Bolivia, Bolivia non é o mesmo que Venezuela, Arxentina non é o mesmo que Ecuador. Polo tanto, era zona de tempestade, e con resultados desiguais, non definitivos, por suposto, mais no seu conxunto bastante positivos, diría eu. Tamén tivemos en Asia e en África movementos —antes do mundo árabe— populares moi potentes. Tivemos ditaduras moi análogas ás ditaduras do mundo árabe, ditaduras instauradas polo imperialismo estadounidense, nas Filipinas, como se chamaba... Marcos, nas Filipinas, Suharto en Indonesia, foron derrubadas por grandes movementos populares. Nestes dous casos, vemos que non houbo avances revolucionarios, o movemento foi abortado, trouxo transformacións, que non son necesariamente menores, un chisco máis de democracia, respírase un pouco máis, un chisco menos de represión policial, mais sen modificar as relacións sociais dentro destes países e as relacións internacionais. Tivemos en África, Malí, que derrubou a ditadura de Traoré hai dez, vinte anos, nos anos 80, logo de dous anos, un movemento que durou dous anos, de loita popular, e que deu botado o







ditador pro-francés, pro-estadounidense e que deu instaurado unha verdadeira democracia, aínda que sen progreso social, as cousas están bloqueadas. Tivemos o caso do Nepal, onde houbo un avance revolucionario, non é só que botasen o rei, o ditador, etcétera, senón que houbo avances revolucionarios. Ningún destes avances revolucionarios, nin no Nepal, nin en Bolivia, son irreversíbeis, aínda que son avances. E a pregunta que xorde co mundo árabe é se estes movementos van crear as condicións de avances revolucionarios. Ben, eu non son nin optimista nin pesimista, quero analizar os puntos fortes e as debilidades, e sempre digo que máis vale centrar a atención nas nosas debilidades que gabarnos dos puntos fortes, das fortalezas. E tamén o inimigo, tanto o inimigo interior, o que podemos chamar “o bloque reaccionario” interno, que existe, como o apoio exterior, é dicir, o apoio do imperialismo, dos Estados Unidos, da Unión Europea e dos países máis aliados do imperialismo, no tocante á rexión árabe, Israel, por suposto, e os países do Golfo, encabezados por Arabia Saudita. Ana-

lizar isto tamén. Entón, se analizamos isto, centrareime en Exipto, voume centrar en Exipto, porque, como dicía, se facemos xeneralizacións ficaremos nunha análise moi superficial. No caso exipcio, o movemento é xigantesco, que mobiliza quince millóns de manifestantes, quince millóns, non dous millóns, quince millóns, en todos os barrios de todas as cidades de Exipto e mesmo nas vilas, durante dous meses, e fai fuxir en desbandada a policía. En Exipto houbo mil mortos, o que quere dicir que a represión, ao comezo do movemento, foi moi violenta. Non fai falla dicir moito máis. Nos medios din, en Libia cando hai tres mortos ou cinco mortos, en Siria cando hai trinta mortos, é un escándalo. En Exipto houbo mil mortos como mínimo, como mínimo, e non dixeron nada. E o primeiro día había un millón de manifestantes, o segundo día había dous millóns, o quinto día había quince millóns. E nese momento inverteuse a relación de forzas, e entramos verdadeiramente nunha situación nova. Podémola chamar, os exipcios chámanla, unha situación revolucionaria, eu non

Ruínas de Cartago, en Tunisia, ao fondo o pazo presidencial, agresión contra o patrimonio e contra o pobo que ao fin se revirou contra o despotismo.



quero chamarme a enganoso, non é unha revolución, é un movemento que pode potencialmente acadar avances revolucionarios potenciais mesmo importantes, diría eu. E é un país chave, non só por ser un país de 85 millóns de habitantes, é un país que ten unha profundidade histórica, un país que ten unha historia, e o que dá Exipto ten unha influencia sobre toda a rexión, e se cadra mesmo, modestamente, mundial, a unha escala máis modesta, aínda que ten unha verdadeira importancia sobre toda a rexión. En Exipto os compoñentes do movemento son tres compoñentes activos: o movemento da xente nova, politizada e organizada, a esquerda radical, é dicir, na tradición exipcia, comunista, e o terceiro elemento, o movemento democrático das clases medias, non digo da burguesía, das clases medias, é dicir, profesións liberais, cadros medios-superiores, empresas, compañías, da economía, etcétera. Estes son os tres elementos activos, non sei canto representan en termos electorais, o importante non é iso. Representan a fracción activa da sociedade exipcia, a que loita e modifica as relacións de forza. Pero durante os catro primeiros días eran os tres elementos, iso significaba manifestacións importantes, un millón, dous millóns, tres millóns, é importante, pero non máis, a partir do momento no que tiveron eco, un eco fabuloso, cando no cuarto ou quinto día foron quince millóns, iso quere dicir que era todo o país. Cando hai quince millóns de persoas na rúa, é todo o

país. E a partir dese momento, ese cuarto elemento é un elemento moito máis amplo. Son todas as clases populares. Todas as clases populares. E dentro destas clases populares, segmentos organizados, os sindicatos obreiros, que son sindicatos que están na loita a partir das grandes folgas do 2007, e que son sindicatos independentes dos partidos políticos, pero de esquerdas, de esquerdas esquerdas. Non anticomunistas, en absoluto. Os movementos, moi potentes, de pequenos labregos. Os pequenos labregos sofren a ameaza da expropiación polo desenvolvemento do capitalismo agrario, en beneficio dos labregos ricos. E loitan. E no agro, cando se loita, hai mortos acotío. Para conservar a propiedade das súas terras. Pero hai tamén un elemento difuso. É o elemento dos pobres, se podemos chamalos así, informal, popular, urbano. O movemento é este. Fronte a isto, fronte a este... non direi bloque, hai unha conferencia permanente que reúne os representantes dos diferentes compoñentes do movemento. Polo tanto, hai unha alianza, hai unha determinada alianza, un traballo en común, pero non hai un partido de vangarda que dirixe, non hai iso. Fronte a iso, está o bloque reaccionario. O bloque reaccionario está composto, en primeiro lugar, pola burguesía exipcia. A burguesía como clase, no seu conxunto, é unha burguesía capitalista, de millónarios e multimillonarios, e cando dicimos millónarios e multimillonarios en Exipto, queremos dicir multimillonarios en dóla-







res, non en libras exipcias. Por tanto, moi ricos, que son moi poderosos, que non son un puñado, son unha clase social, que se conta por decenas de millares, moi rica e que controla practicamente toda a economía, unha economía dependente, son correas de transmisión da dominación do capital imperialista, aínda que teñen a súa propia, ese é o elemento fundamental. Un segundo elemento fundamental do bloque reaccionario son os labregos ricos, dos que se fala moi pouco no estranxeiro. Mais os labregos ricos dominan o campo. Queren enriquecerse máis grazas á política neoliberal expulsando, apoderándose das terras dos pequenos labregos. Hai loita de clases. Estes labregos ricos sempre foron en toda a historia do Exipto moderno unha clase reaccionaria, e é unha clase reaccionaria importante porque unha boa parte das clases medias, sobre todo os oficiais da policía, os oficiais do exército, os profesionais, os médicos, os avogados, os enxeñeiros, os cadros medios e superiores da economía proceden do campesinado rico. E o campesinado rico é a base do que chamamos o islam político. Non a relixión, senón a organización e a utilización do islam como instrumento político. E teñen aparatos para facelo. Teñen, en primeiro lugar, o aparato de Al Azhar. Cómpre saber que o islam está organizado como unha igrexa, como a igrexa católica. Unha pirámide, co xeque El Asa, que é o equivalente do papa, cunha xerarquía de prelados que rodean o país. Ese é un dos instrumentos. Este instrumento sempre estivo, ao longo de toda a historia de Exipto, asociado ao poder. Non é un instrumento de liberación, moral, etcétera, aínda que mantén discursos, como todas as relixións. É un instrumento do poder. É unha igrexa oficial, conservadora e mesmo reaccionaria. Están os dous. E logo hai un instrumento político, que son os Irmáns Musulmáns, que se organizaron a partir de 1927, co apoio dos británicos, daquela, e agora os estadounidenses tomaron o relevo, contra as forzas democráticas e socialistas e comunistas en Exipto. En contra, como instrumento reaccionario. Eles mesmos compáranse cos partidos cristián-demócratas, son peores que os partidos cristián-demócratas, están máis próximos do que eran os partidos cristiáns, digamos, na Europa do século XIX, é dicir, instrumentos da burguesía. É moi importante sabelo, porque isto é o bloque reaccionario. Neste bloque reaccionario está o exército, digamos, a dirección do exército. O exército, os recrutas, os soldados son recrutas, mais os oficiais son profesionais. Estes oficiais proceden do campesinado rico. Sempre foron reaccionarios. E o seu recrutamento facíase así, pero ademais



asociáronse á corrupción. A axuda estadounidense ao exército exipcio, 1.500 millóns de dólares ao ano, non era unha axuda destinada a reforzar a capacidade militar de Exipto, senón, pola contra, a destruíla, corrompendo os xenerais. Os xenerais tornáronse en homes de negocios, en millonarios. Pertencen á burguesía. Así é. Estes son os instrumentos. Agora, fronte ao movemento, o exército, a dirección do exército, cómpre saber que é intelixente, foi intelixente, soubo que había que... Puxeron os estadounidenses e os europeos perante feitos consumados. Foron eles os que depuxeron a Mubarak. Mubarak non dimitiu. Eles depuxérono. E os estadounidenses non lles pediron que o depuxesen. Adoptaron eles esta iniciativa, porque querían facer concesións ao movemento e, ao mesmo tempo, pareceren neutros. Non son neutros, pero queren parecer neutros. Ao rexeitar asociárense á represión, non dispararon, e logo, ao tomaren a iniciativa de depoñer a Mubarak, dotáronse dun rostro simpático, aparentemente neutro, aínda que nós sabemos que, entre bastidores, non o son. Ben, velaquí o caso exipcio. E cada caso é distinto. No caso tunésino, é máis sinxelo. É unha revolta popular, pero nun país no que as clases medias son relativamente moito máis importantes e onde tiñan unha reivindicación principalmente democrática, pero tampouco moito, contra o réxime policial, odioso, de Ben Alí. A proba é que Europa arestora, Francia en particular, vai en axuda de Tunes. Ninguén vai en axuda de Exipto. É dicir, saben que é un movemento controlable. Eu non sei se o van dar controlado ou non, agardo que non, pero é unha si-



tuación diferente. Libia é unha cousa totalmente distinta. Libia, por desgraza, non é unha nación. É un territorio, entre o Mashrek árabe e o Magreb árabe. Hai dúas rexións no mundo árabe, Mashrek e Magreb, isto remóntase ao Imperio Romano, á división entre o Imperio de Occidente e o Imperio de Oriente. O Mashrek árabe é o Mashrek que foi helenizado, cristián ortodoxo e logo converteuse en musulmán, e o Magreb árabe é a rexión que foi latinizada, cristiá católica, e logo islamizada. Son cousas profundas, a profundidade histórica importa. Acontece que Libia é un territorio, entre os dous. Polo tanto, neste territorio, hai unha sociedade arcaica, aínda que agora sexa rica co petróleo, mais arcaica, composta por tribos, etcétera. Gadafi deu un golpe de Estado no 69, un golpe de Estado que lle deu un poder extravagante. El éo todo. É precisa unha sociedade moi arcaica para selo. En Exipto un ditador non é o ditador e logo non hai sociedade: ten unha relación coas clases sociais. En Libia non é así. Por tanto, nesta situación... Eu sempre sentín moito desprezo por Gadafi. Penso que é un

pallaso. É dicir, podíase permitir calquera retórica, pasar da noite á mañá dunha retórica nacionalista, panárabe, panafricana, antiimperialista, e ao día seguinte neoliberal, anti-comunista, cambiar de discurso como cambia de traxe, e de cousas polo estilo. Entón, Gadafi, hai uns anos, cando deu o xiro, é moi divertido, cando se declarou neoliberal, despois de ter feito..., en fin, declarouse neoliberal, e díxoo el mesmo, para compracer os occidentais, como se o neoliberalismo non tivese consecuencias sociais no seu país, coma se fosen palabras vacuas, e ao facer iso deu o petróleo ás empresas occidentais, e a consecuencia foi a que vimos co neoliberalismo en calquera sitio do mundo, unha agravación, unha deterioración das condicións sociais para a maioría. E esa foi a ocasión para que aparecese esta oposición a Gadafi. Mais é unha oposición que é... en primeiro lugar, son islamitas, e islamitas da peor clase, salafistas, enormemente tradicionalistas, porque a sociedade non produce moito máis, e rexionalistas porque este país nunca foi unha unidade real. E rexionalistas. Así se explica o carácter do movemento. En Libia non houbo un gran movemento popular civil. Foi, desde o primeiro día, unhas bandas armadas contra outras. O poder, o exército oficial, de Gadafi, contra rebeldes armados desde o primeiro día, que dispararon contra os soldados de Gadafi. Deron pé á intervención exterior, mesmo a pediron eles. Pedírona. E seguen a pedila. E mire, nós, en Exipto, cando houbo mil mortos, ninguén dixo que había que chamar, para que axudasen a Exipto, os países europeos, ou da OTAN, ou os que for. Dixemos que non, ningunha intervención exterior, temos que arranxar os nosos problemas, nós, mediante a loita, as nosas loitas, porque os que intervirían non son os nosos amigos. Polo tanto, é unha situación moi diferente. Agora, cales son os obxectivos dos estadounidenses e dos europeos. Pódese dicir que entre os europeos son Sarkozy e Cameron quen tomaron a iniciativa. Ao meu ver, son en certo modo dous bufóns, non son moi importantes. De todos os xeitos, quen o retomou foi o auténtico xefe, "Babar", e a OTAN, aínda que houbo dúbidas, Alemaña, Italia, España tamén, penso, non sei exactamente cal foi a posición española, aínda que tanto ten. O obxectivo é dobre. Un, eliminar a Gadafi e pór un lacaio, como Karzai en Afganistán. Un lacaio, porque Gadafi non é unha persoa fiábel. Deulles o petróleo ás empresas occidentais, pero mañá podería quitárllelo para dárllelo aos chineses. Queren alguén de confianza, un lacaio. Ese é un punto. Pero queren unha gran base militar. Os Estados Unidos teñen unha estratexia militar de con-

Exipto en reconstrución







trol militar de todo o planeta e acaban de crear, crearon hai uns anos, o AFRICOM, o mando para África. Este mando ten a base en Stuttgart, é curioso. E queren transportala a África. Até o de agora, a Unión Africana e os estados africanos rexeitaron todos o AFRICOM. Agora precisan un Estado cliente, non só un Estado cliente, un Estado dominado directamente, para teren unha base. Ese é o obxectivo da guerra. Agora, se o van dar conseguido ou non, eu non o sei, aínda que penso que no caso de Libia si o van conseguir, creo eu. Pero sería iso unha solución? Está Somalia, estamos nunha sociedade que corre o risco de entrar nun proceso de descomposición tribal e con movementos parareligiosos, nin sequera son movementos relixiosos, en realidade, sen final. Ben, cada país é diferente. Non vou falar de Siria, nin do Iemen. É diferente, hai que ter coidado, e non dicir, o movemento, a primavera árabe, os pobos árabes, a democracia, etcétera, así, sen analizar as forzas presentes, os bloques dos movementos, as forzas reaccionarias, a estratexia do imperialismo.

**A segunda pregunta que lle quería facer xa foi contestada, directamente coa súa posición no tocante á intervención en Libia, así que non imos entrar neste aspecto. O que lle quería preguntar agora é o seguinte: a crise está a crear novos escenarios no eido da xeoestratexia, escenarios aínda incertos, mais que nos poden permitir fixar unha posición alén da mera especulación. Concretamente, o conflito entre os estados da Tríade e os principais países emerxentes, estamos pensando particularmente en China, tamén en Rusia, en definitiva, os países do BRIC, está chamado a se agudizar, será de verdade o século XXI un século non estadounidense, ou uns e outros, estamos a falar dos países da Tríade e os países do BRIC, se acomodarán en compromisos viábeis dentro do actual contexto de crise?**

Ben, esta tamén é unha pregunta enorme. Na miña análise, o capitalismo e o imperialismo son indisociábeis. O imperialismo non é un elemento suplementario do capitalismo, é



un elemento fundamental, indisociábel, e non é un elemento novo, pero houbo unha transformación cualitativa no capitalismo imperialista que cristalizou hai... podemos debater as datas, hai entre cincuenta e trinta anos. Digamos que se acelerou, instaurouse nos anos 80 e 90, o que eu chamo o capitalismo de monopolios xeneralizados. E por xeneralizados eu entendo non que haxa monopolios, porque os monopolios xa os había antes, senón que os monopolios a partir de agora controlan todo o sistema produtivo, é dicir, os segmentos autónomos ou independentes xa non existen, están sometidos, subalternizados, polo dominio dos monopolios. Estes monopolios son os monopolios da Tríade. Punto. É dicir, Estados Unidos, e cando dicimos Europa, nin sequera é a Unión Europea, é a Europa occidental e central, a Europa capitalista desenvolvida. A antiga Europa occidental, ao oeste do Pano de Aceiro, vamos. E Xapón. Teñen un xefe de filas, que son os Estados Unidos. Precisan dese xefe de filas, porque precisan para administrar en común, no seu beneficio común, o sistema mundial, un ins-

trumento militar. E o único país que ten un instrumento militar, por desgraza, xigantesco, son os Estados Unidos. A OTAN é o que eu chamo os aliados subalternos dos Estados Unidos, e ademais a OTAN está controlada polos Estados Unidos, non controlada democraticamente polos países membros. Precisan instaurar este control militar do planeta. E fronte a isto, que hai? É doado dicir que, fronte a isto, que é o Terceiro Mundo, non é nada, son países divididos, con conflitos entre eles, etcétera, e moi diferentes. En parte é certo. Pero tamén podemos dicir que sempre foi así, non é unha novidade. Neste Terceiro Mundo, en primeiro lugar, hai países emerxentes. Os países emerxentes son países que se inseriron na globalización capitalista, inseríronse nesta globalización, con éxito, mais en conflito coa Tríade, aínda que nunca fose un conflito nin violento nin de retórica, pero un conflito real. Entre estes países tamén hai países que teñen unha historia política diferente. Están, por suposto, os países xigantes, tres, China, India e Brasil, e tamén están países de tamaño modesto, pero que

Samir Amín participando no 1º de maio en Vigo, conversando con Guillerme Vázquez







non por iso son menos, emerxentes, como Malaisia ou outros. Son países que están nunha situación, en diversos graos, porque teñen historias diferentes... Países que non poden estabilizar o seu desenvolvemento no capitalismo. E para os cales, xa que logo, a alternativa a longo prazo, non digo que sexan socialistas, nin sequera China, para nada digo isto, pero non poden ser eternamente capitalistas. Non son estabilizábeis no capitalismo. É dicir, aínda que as súas clases dirixentes se fagan algunhas ilusións, e coido que as clases dirixentes da India e do Brasil se fan máis ilusións mesmo que os chineses, de que se van pór ao día, ser como Suecia, etcétera. Sabemos que, historicamente, isto non é posíbel. Cando menos, non se albica no horizonte. Polo tanto, están en conflito. E logo, están os países abandonados á súa sorte, é dicir, entre outros, os países árabes, os países africanos, e algúns outros tamén, ou Irán, que non son emerxentes, e que na globalización neoliberal non están inseridos dun xeito que lles permita adquirir unha autonomía relativa respecto ao sistema capitalista mundial. Pero, por todas partes, é a zona de tempestade. Todo este mundo non é estabilizábel. E cando digo zonas de tempestade, agora mesmo estamos a ver a tempestade no mundo árabe, como xa dixen, pero hai vinte anos houbo unha tempestade no mundo latinoamericano que deu avances revolucionarios, digo avances revolucionarios, diversos, con graos diversos, e non digo que sexan irreversíbeis, pero foron avances bastante sólidos, malia todo. E que modificaron as relacións de forza sociais, no seu interior, e políticas, e modificaron as relacións internacionais, neste caso, respecto aos Estados Unidos. Tamén houbo avances revolucionarios noutros países, como Nepal, etcétera.

Xa que logo, temos unha situación enormemente complexa. Nesta situación complexa, a única estratexia do bloque imperialista, da Tríade, é a intervención militar, o control militar do planeta. Non ten outras cartas, non ten outras cartas. E esta é a razón pola cal o discurso dominante, presuntamente liberal, neoliberal, o que eu chamei o “virus liberal”, di “o capitalismo estará aquí eternamente, é a fin da historia, e non é tan malo, pode achegar a democracia, o progreso social, a paz, etcétera”. A realidade é que é inestábel, por natureza, e a súa inestabilidade acaba mesmo o centro capitalista, e máis aínda na periferia —zona de tempestade, pois—, e que non pode perpetuarse se non é a través da violencia militar. A violencia militar, neste caso, non é portadora de democracia, non hai máis ca mirar o caso do Iraq. Sadam Hussein non era un gran demócrata, iso non é difícil de saber, pero con que se substituíu? Con tres ditaduras, unha xiíta, unha sunnita e unha kurda, que se matan entre elas, ademais, e que anulan o país por completo. A democracia non é iso. E dixen hai un momento, o modelo para Exipto, da paz, non é a democracia. Eles teñen medo da democracia. Hai unha duplicidade do discurso. Todo o discurso occidental dos Estados Unidos e dos europeos, “nós somos, nós queremos, a promoción da democracia polo mundo, o respecto dos dereitos humanos”, etcétera, é en realidade un discurso desmentido polas súas accións cotiás. Polo tanto, neste sentido... As grandes cuestións, os grandes retos estratégicos, son: vai funcionar o control militar do planeta, ou non? No tocante a isto, eu son bastante optimista. Eu digo que non funciona. A proba é que mesmo cando os Estados Unidos “gañan” unha guerra, doadamente, como no Iraq ou en Afganistán, non gañan a



guerra, politicamente, están estancados, están estancados. E cada vez máis, vai ser así. Polo tanto, fronte a isto, podería haber outro sistema mundial, mellor, “outro mundo é posíbel”, é bastante inxenuo, chegar por consenso, fronte ás cousas horribéis que acontecen, a construír o mundo, todos somos irmáns, os multimillonarios e os pobres, os fascistas e os demócratas, os comunistas e os tal, é moi inxenuo, moi inxenuo. O informe Stiglitz, por exemplo, é un exemplo inxenuo, “para garantir un desenvolvemento mundial menos desigual, cumpriría que un, dous, tres, catro...”. U-las forzas sociais que poden construír un consenso? A historia é a historia dos conflitos, non dos consensos. Xa que logo, fronte a isto, poderán os países emerxentes e os outros países da periferia desenvolver obxectivos, non falo de estratexias comúns, obxectivos estratéxicos comúns? Non é imposíbel, aínda que hai moitas condicións. É dicir, poderemos ter, xa que falamos, no pasado, un Bandung para Asia e África, a Tricontinental cando Cuba entrou no xogo, poderemos ter... na historia non hai *remakes*, os *remakes* no cine sempre son películas malas, poderemos ter un segundo Bandung ou unha segunda Tricontinental? Pero isto está vinculado á crise que se intensifica nos países capitalistas centrais, é dicir, este modelo de globalización liberal non se fai unicamente en detrimento da maioría dos pobos do mundo, de Asia, África e Latinoamérica, senón que se basea nunha ofensiva que se desenvolveu durante trinta anos, con éxito, contra os traballadores do centro. Que foi o neoliberalismo? Foi e é o paro, a degradación dos servizos públicos, etcétera. Polo tanto, aí hai un terreo posíbel para o que eu chamei a V Internacional, é dicir, para un internacionalismo dos traballadores e dos pobos, non só “proletariado” no sentido estrito, dos traballadores e dos pobos. E esa é a única resposta ao peor, que é a guerra permanente, neofascismos de variedades diversas, aínda que neofascistas ao cabo.

**Entón, se o capitalismo é indisociábel do imperialismo, o antiimperialismo é a maneira de combater o capitalismo?**

Si, ese é un punto moi importante, sobre todo para a esquerda europea, porque a esquerda europea, e cando digo esquerda, digo a esquerda radical, é dicir, a esquerda que foi a III Internacional, a esquerda comunista, tiña unha solidariedade antiimperialista. Que tivo a súa historia, con todos os seus problemas, de acordo. Pero iso desapareceu. Xa non se fala de imperialismo. Fálase de... Non sei que é o *Imperio* de Tony Negri, para min é un ani-

mal curioso que é imaxinario máis ca real. Do imperialismo xa non falamos. E substitúese a solidariedade antiimperialista polos dereitos humanos, o humanitario, etcétera. Por suposto, nós non estamos contra os dereitos humanos, pero non se promoven os dereitos humanos mediante a intervención militar.

**A ideoloxía de acompañamento da estratexia do capital pretendía nun primeiro momento presentarnos a crise en curso como unha crise financeira. Posteriormente, como unha xustaposición de crises diversas, a crise enerxética, ambiental, e nalgún caso chegou a falar mesmamente de crise sistémica. En calquera suposto, o que pretendían era negar o carácter da crise, de que era unha crise do capitalismo. De cando e de onde arrinca esta crise, cales son os seus elementos definitorios, e en que difire doutras crises anteriores do capitalismo?**

De novo, é unha ampla... Neste libro, eu trato esta cuestión. Este libro escribiuse, en francés, antes da crise financeira de setembro de 2008, entregouse ao editor en maio de 2008, como saíu en setembro engadín rapidamente os últimos acontecementos. A crise para min, en primeiro lugar, non é unha crise financeira. É unha crise sistémica que debía comezar a se manifestar mediante un afundimento financeiro, como capítulo primeiro. Sen falsa modestia e sen borrear demasiado, direi que eu xa previra esta crise. En 2002 escribín que o modelo de acumulación do capitalismo dos monopolios xeneralizados é un modelo fundado sobre o aumento indefinido da desigualdade no interior dos países capitalistas desenvolvidos e na escala mundial e que isto non é sustentábel, independentemente das cuestións ecolóxicas, ademais, que son certas. Non é sustentábel. E, por conseguinte, a fuxida cara adiante, na financiarización, a financiarización, non é produto de erros, senón unha necesidade lóxica do sistema. Por conseguinte, mesmo se a crise... Unha crise empeza sempre a través dun acontecemento, as hipotecas lixo, etcétera. Pero se non tivese habido as hipotecas lixo, tería sido outra cousa. A financiarización era a única maneira de reproducir este sistema de acumulación nunha estabilidade e sobre a base dunha desigualdade crecente. Polo tanto, é unha crise profunda, sistémica. Eu analízoa como tal. E polo tanto os diferentes aspectos da crise, real, quer os aspectos económicos, como crise enerxética, crise da produción alimentaria, os aspectos ecolóxicos, crise da reprodución da base natural da produción, quer os aspectos políticos, crise,





podemos dicir, da democracia, isto é, unha democracia que non serve para nada, cando existe. En España vostedes poden votar por Aznar ou por Zapatero, e ao día seguinte é coma se nada... É o mesmo. Entón, esta crise, por natureza, só pode agravarse. Non pode ser superada. Mesmo se o sistema dá superado, e pode facelo, a crise financeira, no sentido curto, no inmediato, haberá unha segunda crise financeira, haberá unha terceira. Polo tanto, non pode. A crise está chamada a se agravar.

**Vostede, en 2008, cando Sarkozy dicía que había que reformular o capitalismo, cando parecía que doutra volta todos os dirixentes mundiais se volveran keynesianos, como Nixon, xa advertía que dentro da folla de ruta do capital o que estaba era restaurar a financiarización. En certa medida, iso é lóxico se atendemos a dous aspectos. Por unha banda, o que xa tiñan formulado os marxistas estadounidenses Sweezy e Baran, financiarización como resposta ao estancamento mais tamén atendendo á actual correlación de forzas nas sociedades capitalistas centrais. Vostede tamén achegaba que o capitalismo era por definición liberal. É posíbel un modelo de patrón do capitalismo que sexa diferente ao neoliberalismo, a día de hoxe? Atendendo a eses dous aspectos, á tendencia ao estancamento e á correlación de forzas?**

Si, a historia está aberta, non está escrita previamente, e polo tanto outros capitalismo plurais non son imposíbeis, todo depende das loitas, pero a superación do capitalismo tampouco non é imposíbel, todo depende das loitas, dos obxectivos destas loitas, da súa capacidade de se organizar e de avanzar, nun sentido ou no outro. No que non creo é no consenso. Que todo o mundo vaia sentar arredor dunha mesa e dicir, este é o capitalismo bonito que imos instaurar. Porque a historia non funciona así. Neste libro puxen o exemplo da crise anterior. A longa crise anterior, como foi superada? Non foi superada mediante un bo plano, de reorganización do capitalismo mundial. Houbo a guerra de 1914, a Revolución Rusa, a restauración do capital occidental, a crise de 1929, o ascenso do nazismo e do imperialismo xaponés, a II Guerra Mundial, a Revolución Chinesa, a crise superouse con isto, non son acontecementos insignificantes. Podemos pensar o que queiramos do que produciron, pero non son acontecementos insignificantes. Unha crise superase así. A crise superase mediante guerras e revolucións, en plural, que producen o que



producen. E esta serie de trinta anos —con dúas guerras mundiais, dúas grandes revolucións, unha grande crise, etcétera— deu só para trinta anos, após a II Guerra Mundial, do que eu chamei a economía política do século XX, é dicir, a socialdemocracia, a verdadeira, naquela época. En Occidente, o contrato social capital-traballo do *welfare state*, o verdadeiro, nos países occidentais principais, cando menos. O socialismo realmente existente, con capitalismo de Estado, mais capitalismo de Estado herdados das grandes revolucións, non na Europa oriental, mais cando menos na Unión Soviética e na China, ou Vietnam e Cuba. E, por conseguinte, de dimensión social. E logo, o que eu chamei os modelos nacional-populares daquela época do sur, máis ou menos radicais, sobre todo, naquela época, do mundo árabe. E logo este sistema, relativamente estábel, durante trinta anos, pero durante un período histórico moi curto, entra en crise, esgotou as súas posibilidades e entrou en crise. Non só se afundi o sistema soviético, tamén a socialdemocracia, que se tornou social-liberal. Os socialdemócratas inxenuos pensaban que, “unha vez vencidos os comunistas, é a nosa vitoria”. Vencidos os comunistas, tamén foi a derrota deles. E foi a erosión, a deriva, de diferentes formas, dos nacional-populares. Polo tanto, entramos nun período de caos que permite a ofensiva do capital. Mais esta ofensiva do capital non superou o caos, agravouno.

**Xa comentaba antes que efectivamente vostede en 2002 advertiu da crise, e dicía daquela que, sen ter unha bóla de cristal, si estaba seguro de que, nun prazo de dez**



Samir Amir en Vigo, na manifestación do 1º de maio

**anos, teríamos unha grande crise. Aquela crise da que falaba en 2002 agora converteuse en recesión e depresión, igual que aquel 1984 que advertía con Gunder Frank en 1974 e que a esquerda europea non lle deu o seguimento debido, tamén foi certificado, e Reagan e Thatcher si que se decataron de que iso era unha realidade. En todo caso, hai unha cuestión que a nós nos parece de moito interese, e preocupante, que é o proceso en curso na zona do euro, e particularmente nas súas periferias, nalgún caso intervidas de feito e noutros de facto, tanto pola Comisión Europea como polo Fondo Monetario Internacional, unhas periferias e unha Europa onde aumentan as desigualdades, non entre países, pero si entre os ámbitos rexionais dos diferentes territorios, e tamén hai un feito que resulta preocupante, que sexa o propio Fondo Monetario Internacional quen opere en última instancia como supervisor das políticas económicas da Comisión Europea. O que nos preguntamos é até que punto estes elementos deixan en evidencia a natureza do proxecto europeo, e concretamente en dous aspectos, por unha banda no tocante a Europa como un espazo para o intercambio desigual, e pola outra no reforzamento do carácter atlantista do proxecto europeo.**

Si, en primeiro lugar, grazas, es un lector atento do que escribín, efectivamente, en 1974, 1978, con André Gunder Frank, en Roma, nunha reunión do Manifesto, etcétera. A profundización da crise xeral do capitalismo vaise manifestar, necesariamente, mediante unha profundización da crise do sistema europeo, non só do euro, senón do sistema europeo. O sistema europeo, é dicir, o que se converteu na Unión Europea, e que é máis amplo que o euro, foi construído sistematicamente polo gran capital dos monopolios. Non abriu ningunha fiestra a unha posibilidade doutra Europa, é dicir, unha Europa social, unha Europa solidaria, etcétera, isto son palabras. Fíxose, construíuse todo, con formigón armado, para que isto fose imposíbel. Imposíbel. Polo tanto, non se pode cambiar Europa. Cómpre deconstruíla para reconstruíla eventualmente doutro xeito, logo. Se a esquerda non ten unha estratexia eficaz de deconstrución, a deconstrución farase a través do caos. Isto é un punto, ao meu ver, fundamental, e moi grave, porque por desgraza a esquerda europea, e falo da esquerda radical, a esquerda socialdemócrata converteuse en dereita, converteuse en social-liberal. Non ten outros xefes que os grandes monopolios, como a dereita. Pero a esquerda, mesmo a esquerda radical, segue a ser moi tímida sobre a





cuestión europea. O medo a ser asimilada a nacionalistas fascistas, o medo a “máis vale unha Europa como está, que ningunha Europa en absoluto”. Pero Europa, como está, non é viábel, e mesmo ten unha Europa fascista, e mesmo ten reaccións fascistas. O ascenso da extrema dereita en todos os sitios de Europa é produto desta ausencia de resposta por parte da esquerda radical ao problema europeo. No interior desta Europa, está o euro, e o euro é o mesmo, unha parte desta construción que se fixo sistematicamente para impossibilitar as políticas sociais de esquerdas en todos os países da zona euro. Imposibilitálas. Polo tanto, non se pode conservar o euro e facer propostas dunha política de esquerdas. Se conservamos o euro, debemos aplicar o que se puxo en marcha, é dicir, políticas antisociais que serán cada vez máis violentas. E non é unha contaminación que empezou en Grecia e se transportou a Irlanda e Portugal e que mañá podería alcanzar España, non é un virus que se propaga, é unha lóxica que conduce a isto. Nesta Europa do euro hai unha construción desigual inaceptábel —non digo moralmente, senón que non será estabilizábel— entre Alemaña e a Europa do leste, anexionada logo da caída do Muro de Berlín, como dicimos, e o afundimento dos réximes chamados socialistas da Europa do leste. A posición forte de Alemaña, en aparencia, que é a de ser o segundo exportador mundial —era o primeiro mais China converteuse no primeiro, agora é o segundo, antes dos Estados Unidos... Segundo ou terceiro? Xa non sei, ben, tanto ten, poden comprobalo—, é de cartón pedra. As deslocalizacións en Europa do leste permiten a Alemaña revender, reexportar, os produtos que importa da Europa do leste. Levan a etiqueta *Made in Germany*, aínda que debería poñer *Made by Germany, but not in Germany*. Iso non pode continuar. Ademais, tense manifestado a través de cousas moi desagradábeis, que levan o peor, as propostas case que racistas de dirixentes alemáns respecto ao club Mediterráneo, ao que vostedes pertencen, respecto aos recolectores de libras que son os gregos, e os españois, que son tamén recolectores de libras. Isto non é viábel. Entón, aquí tamén, cómpre desmontar o euro. Cómpre saír do euro. Pero saír do euro é a condición necesaria, unha condición necesaria, para outra política, unha política de esquerdas, mais non é unha condición abondo. Tamén cómpre aproveitar esa saída do euro en beneficio dun bloque alternativo social e popular, e non o capital dos monopolios nacionais. E iso é a fronteira entre a dereita neofascista e a extrema... Porque moitas veces nos din “vós sodes como a dereita neofascista, que tamén fala de saír do

euro”. Son uns mentireiros. Eles non queren saír do euro. E fan exactamente como... Porque o que di, e tomo o exemplo de Le Pen, penso que cos demais é o mesmo, di “hai que saír en bloque do euro”. Cando van poder saír en bloque?

**Seguindo co tema das periferias europeas, un artigo seu, publicado na *New Magazine Review*, coincidindo máis ou menos coa intervención de Greza pola Comisión Europea, e que polo menos aquí foi traducido neste caso ao galego, co título *Xestionar o euro, misión imposible*, suscitou un vivo debate en determinados círculos de Galiza, sobre as dificultades e o problema que o euro representaba para o conxunto das periferias europeas. Despois daquel artigo seu, e nese sentido nós si que pensamos que ese artigo axudou a crear un debate, non só aquí, senón no conxunto do continente, son cada día máis as voces que, sen ningún tipo de tabú, falan abertamente da necesidade de os estados, particularmente as periferias, recuperaren as competencias en materia de política económica. E a pregunta esta é moi clara: hai futuro ou alternativa para as periferias europeas dentro do corpiño do euro?**

Eu comparto o teu punto de vista, e comparto a túa conclusión. Non hai posibilidade de ningunha outra política distinta da política súper reaccionaria imposta aos países da periferia europea no euro. Polo tanto, a única alternativa é saír do euro, pero saír do euro para facer outra cousa, non para... Cómpre que as condicións políticas existan. Cando houbo esta crise en Greza, eu atopábame en Madrid, con *El Viejo Topo*, e houbo unha entrevista co director de investigación do Banco Central de España. El dixo practicamente que os meus argumentos eran bos, eran correctos, pero que non se podía facer nada. Políticamente, ninguén fará nada. Ao meu ver, iso chámase dimisión. Por iso digo, o capitalismo é un sistema que entrou nunha fase de decadencia. Cando os políticos importantes nos din que temos razón pero que non se pode facer nada, que quere dicir iso? Imos deixar que o caos amaie o problema.

**No momento no que estamos a manter esta conversa, nas periferias europeas están a pasar cousas novas. Por unha banda, as noticias, a información que está chegando de Grecia e Irlanda é que ningún destes dous estados vai dar cumprimento as condicións que viñan fixadas no seu plano de rescate, e falan abertamente da**



**renegociación da débeda. Por outra banda, temos aquí, no país veciño, Portugal, cun paquete ou un plan de rescate que lle prepara o Banco Central, a través do Fondo Monetario, que na práctica o que propón é volver sobre as políticas que xa probara anteriormente a Asemblea da República portuguesa con consecuencias nefastas para a clase traballadora de Portugal, mesmo para o conxunto do pobo portugués. Nese sentido, a curto prazo, e tamén tendo en conta cal é a correlación de forzas nas periferias europeas, tamén estamos a falar do Estado español, que perspectivas ve vostede, e tamén claro, alternativas, aínda que sabendo que a alternativa está ligada á correlación de forzas, e un aspecto que me esqueceu mencionar antes, falaba vostede de Alemaña, do papel que xoga Alemaña en Europa, do gran capo do proxecto europeo. Sen o control que Alemaña ten respecto do Banco Central e da política monetaria, sería posíbel explicar tamén a competitividade da economía alemá?**

Ben, eu non teño respostas á pregunta que fas. A curto prazo son bastante pesimista, polo motivo que deu o director do Banco Central de España: non hai no horizonte visíbel unha maioría electoral en ningún país europeo que sexa dunha esquerda coherente. Isto quere dicir que é o caos do día a día o que vai decidir as cousas. É un escenario que é moi triste. E isto implica que hai unha responsabilidade enorme por parte da esquerda radical. Porque se o di, e é mellor dicilo claramente hoxe, mesmo se non hai oportunidades inmediatas... A esquerda radical non pode aceptar o que Lenin chamaba no seu tempo o "cretinismo parlamentario". Que imos resolver todos os problemas mediante as eleccións. Iso non foi así nunca na

historia da humanidade. Polo tanto, hai unha radicalización das loitas que é a condición para, eventualmente, chegar a unha alternativa coherente. Non será o "socialismo", mais serán avances.

**Si, e xa para pechar este bloque de preguntas ligadas a Europa, había unha cuestión que queríamos comentar. Á vista está que a loita contra a débeda pública, contra o déficit, se está a converter a día de hoxe no novo tótem da dirixencia europea, e necesariamente iso nos leva a lembrar unha reflexión efectuada por vostede no ano 2003, cando se está a debater no ámbito europeo o Tratado Constitucional, que si que nos parece moi acaída. Nesta declaración vostede valoraba o Pacto de Estabilidade, e afirmaba "a dubidosa teoría de que é o mesmo cubrir os déficits das finanzas públicas endebedándose que con impostos é unha receita que o Fondo Monetario Internacional só se atreveu a aplicar nos países semicoloniais". Que lle suxire hoxe, neste estado do debate, a afirmación que facía en 2003?**

Vese confirmada polas políticas aplicadas nestes momentos, mais hai unha alternativa. Nikonoff acaba de publicar un libro, hai apenas dúas ou tres semanas, ou un mes, que se titula *Saiamos do euro*, que eu lin decontado, que é un libro magnífico, no que demostra, precisamente, que hai respostas, mesmo en termos técnicos, respostas distintas ás dadas, impostas, pola asociación entre o Banco Central Europeo e o FMI. Á conversión da débeda pública en débeda de obrigas nacional, etcétera. Recomendoo, este libro debe ser traducido ás principais linguas europeas. É un libro moi importante.

**Hai unha cuestión pola que queríamos empezar o derradeiro bloque... Antes unha pregunta sobre a posición da esquerda europea sobre a Unión, a constitución europea, a defensa de que outra Europa é posíbel con esta constitución, con este modelo, non será o que agora levou á extinción desa esquerda, que practicamente agora, no Estado español, só ten tres ou catro deputados, en Francia, etcétera, esa renuncia a ir contracorrente, porque agora as forzas son as que son, mais veñen...**

A esquerda radical, ao rexeitar ir contracorrente, suicídase. Non vexo outro termo para o que acontece nestes momentos cos partidos comunistas, cos ex partidos comunistas, como en Italia, que se converteu no PDS, a desaparición de facto de Izquierda Unida en

Samir Amín estivo na Galiza convidado pola Aula Castelao a participar na Semana Galega de Filosofía de Pontevedra







España, a case desaparición do Partido Comunista Francés, etcétera. Suicídase. Convertéronse... Mais hai algo grave. Xa non son partidos, son asociacións de cargos públicos que constitúen un pequeno *lobby* cuxa supervivencia depende da súa asociación submisiva á esquerda maioritaria, é dicir, á esquerda que non é esquerda, senón socialista. É o que Lenin chamaba o “cretinismo parlamentario”, lembremos...

**Hai unha cuestión, parafraseando o título dun traballo que pecha precisamente este libro que temos aquí, título que terá que recoñecer que ten moito de provocador, entón, sobre iso, mais tamén alterando o título dese traballo tan suxestivo, queríamos formularlle unha pregunta: que significa e en que se concreta ser marxista, ser comunista, ser leninista hoxe?**

Ben, é o derradeiro capítulo do meu libro, eu non son internacionalista, humanista, universalista, etcétera, por unha especie de convicción relixiosa. Todo iso está moi ben, pero non é por convicción relixiosa, senón porque creo que é a única alternativa á autodestrución da humanidade. Chegamos a un estado no que o capitalismo importou o aspecto destrutor da prosecución do modelo de acumulación do capital, en gran medida, sobre os aspectos construtivos. Para o século XIX, a palabra de Schumpeter era válida, é dicir, o proceso de acumulación era un proceso de destrución produtiva. Xa non é así, e penso que o vemos claramente en tres dimensións. Un, é destrutor da verdadeira individualidade, cando o capitalismo pretende ser, ou se presenta, como promotor da independencia e da liberdade dos individuos, esa liberdade dos individuos está cada vez máis submisiva a formas de alienación que desposúen o individuo. O individuo verdadeiro non pode ser, desenvolverse, máis que se pode ser un cidadán, e se pode ser tamén beneficiario da socialización a través da democracia, e non a socialización polo mercado. Temos un verdadeiro... É unha linguaxe... Onte un dos vosos compañeiros presentaba... Unha presentación moi boa, sobre a manipulación, a mentira, a manipulación dos medios. O discurso de que o capitalismo dá a liberdade aos individuos, etcétera, aínda que haxa desigualdades sociais, ou outras, é un discurso que non se corresponde en absoluto coa realidade. A outra dimensión é a dimensión... a base natural da produción, o que vemos coas centrais atómicas de Xapón é un exemplo. O capitalismo non é o responsábel dos terremotos. Mais o capitalismo é o responsábel de ter construído, como construíu, para gañar cartos, centrais

nucleares nunha rexión, cuns terremotos que non son algo descoñecido, aló, e que podía dar os resultados que dá. Entón, por desgraza, imos ter cada vez máis catástrofes deste tipo, xa temos catástrofes xigantescas de destrución da natureza. E a terceira dimensión é a desigualdade mundial, é dicir, verdadeiramente, a zona de tempestade. Este sistema só pode manterse mediante o control militar do planeta e practicamente, se non mediante xenocidios —non quero abusar do termo—, si mediante repetidas masacres. Polo tanto, fronte a isto, coído que podemos ser... Creo que somos os únicos que podemos pensar a partir de Marx... Porque tamén podemos contentarnos con repetilo e repetilo, facer unha relixión do marxismo, cos seus textos sagrados, e contentarnos con... dunha forma invocatoria, con discursos sobre o socialismo, o comunismo, etcétera. Mais temos os instrumentos, e somos os únicos que os temos, que nos permiten... Non hai ningún instrumento que ofrezca garantía de ausencia de erro, non hai ningún individuo, nin sociedade, nin a humanidade no seu conxunto, que non vaia cometer nunca erros. Mais temos os instrumentos que nos permiten analizar cunha eficacia que os demais non teñen.

**Falábase antes de que as renuncias da esquerda son parte do suicidio da alternativa de esquerdas. Nese sentido, hai unha cuestión que si queríamos comentar porque é unha realidade. Poucos autores teñen influído tanto como vostede na conformación do corpo doutrinal do que nós denominamos o movemento nacional-popular galego, cuxas expresións máis significativas son a Confederación Sindical Galega, a CIG, no eido sindical, primeira central sindical de Galiza en número de afiliados, e o Bloque Nacionalista Galego, como fronte antiimperialista, que vén ser a terceira forza electoral de Galiza, mais tamén, enlazando co que comentaba antes o compañeiro, dos tres votos que no Congreso de Madrid existen contra a intervención imperialista en Libia, dous son desta forza política. Onde vou é ao seguinte: estas organizacións, este movemento, nas súas posicións políticas, nos seus documentos, folla si, folla tamén, pois aparecen conceptos, palabras, que para vostede son coñecidas. Estamos a falar da Tríade, da contradición centro-periferia, do intercambio desigual. Se, como afirmaba Lenin, a linguaxe da política acaba converténdose na política da linguaxe, que explicación debemos dar á suplantación, ou ao medo a utilizar por parte de determinada esquerda, de**



**termos que forman parte da nosa propia tradición, que non se fale de proletario, de proletariado, ao que vostede se refería antes como o imperialismo, mesmo a negación da propia existencia de clases. Que trasfondo, que agocha ese temor a utilizar parte da nosa linguaxe, da linguaxe propia da esquerda?**

Mira, non sei se de verdade... Entendín o que dixeches, nun primeiro grao. Eu distingo, o marxismo, sabedes, a palabra é forte, a Marx dos marxistas históricos, e falo en plural, os marxistas históricos. Hai que ler os marxistas históricos como o produto dos que se reivindicaron marxistas en condicións históricas determinadas e non se pode dicir nin que se trabucasen ao cen por cen nin que tivesen razón ao cen por cen. Foron mesmo o produto das súas propias loitas, das loitas da súa historia. Entón, de nós depende continuar iso, desenvolvelo. É dicir, a partir non dunha análise demasiado xeral do capitalismo, iso é importante, o esencial do capitalismo, mais tamén dunha forma concreta as súas transformacións e manifestacións locais. Iso é todo o que podo dicir ao respecto. E por iso creo que o que precisamos, e xa falei da V Internacional, é unha V Internacional, en condicións moi diferentes, en certo modo como foi a I. É dicir, a partir da II Internacional, e a III, e a IV, que hai? "Un país, un partido". O "bo". Con non sei quen que dá, que é o Deus supremo, que dá os certificados, de que ese partido non vai... de que vai ser "o bo". Penso que precisamos, fronte á complexidade tamén da situación, e a diversidade dos intereses,

mesmo se son converxentes, os intereses das clases populares polo mundo, hai unha determinada converxencia por construír, posíbel, pero hai non só unha autonomía, por razóns históricas, culturais, etcétera, senón tamén conflitos de intereses, e polo tanto unha diversidade, co fin de... esta linguaxe, non a inventei eu, segundo se inventou no Foro Mundial das Alternativas, "construír as converxencias na diversidade".

**Rematamos cunha derradeira pregunta, cunha cuestión clásica, sobre todo pola influencia que ten este aspecto en todo o ensaio que se ten elaborado en Galiza, tanto no ámbito da crítica literaria como no pensamento económico, mais tamén na práctica política, e é a súa crítica ao eurocentrismo. A pregunta é así de sinxela: que forma debe tomar hoxe esa crítica e até que punto esa crítica ao eurocentrismo tamén se ten que converter nunha crítica ao antieuropeísmo, que non deixa de ser a ideoloxía do proxecto europeo?**

Si, venres é o tema da miña presentación. Sobre a lectura do capitalismo de longa duración non quero repetir o que escribín n' *O Eurocentrismo* e na última versión d' *O Eurocentrismo*, onde retomei as cuestións vinculadas á modernidade, o concepto de modernidade, e á reemerxencia de análises e de concepcións relixiosas da política e do mundo, pero abordarei ese problema venres. Penso que temos que deixalo aquí.



Samir Amín xunto con Atilio Borón en Caracas no 2009. Dous dos referentes intelectuais máis relevantes do mundo para pensar o anti-imperialismo.





# CPN

Cadernos de  
Pensamento  
Nacionalista



[www.terraetempo.com](http://www.terraetempo.com)



Fundación  
Bautista Álvarez  
de Estudos Nacionalistas



**terraetempo**  
dixital galego de pensamento nacionalista